



## Concello de Guitiriz

### ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2020/7	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria urgente Motivo: «Aprobación dunha declaración institucional en relación co consultorio de Parga»
<b>Data</b>	6 de xullo de 2020
<b>Duración</b>	Desde as 19:10 ata as 19:30 horas
<b>Lugar</b>	Sala de sesións da Casa Consistorial
<b>Presidida por</b>	Marisol Morandeira Morandeira
<b>Secretario</b>	Rafael José del Barrio Berbel

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33554944Z	Ainara Pérez Losada	SÍ
33310371T	Angel Seoane Lamela	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33852173Z	Francisco José Penas Pardo	SÍ
32822479F	Laura Ageitos Miragaya	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
33844142X	María Manuela Carballeira García	SÍ
76577601K	Monica Vázquez Lago	SÍ
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
33826774F	Xosé Lois González Souto	SÍ
33843554C	Xosé María Teixido Nuñez	SÍ
33538075G	ivan morado corral	SÍ
33852423B	jose ferreiro fernandez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

### A) PARTE RESOLUTIVA

#### Declaracion institucional en relación co consultorio de Parga

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O secretario indica que ao tratarse dunha convocatoria extraordinaria e urgente convocada con menos de dous días hábiles de antelación, o Pleno debe de ratificar previamente a urxencia para poder tratar o asunto.

A Sra. Alcadesa xustifica a urxencia da convocatoria e somete a mesma a votación, que é aprobada por unanimidade.

Unha vez debatida a proposta de alcaldía, o Pleno da Corporación, por unanimidade, aproba a seguinte declaración institucional:

#### DECLARACIÓN INSTITUCIONAL - CONSULTORIO DE PARGA

Ante a situación de peche parcial que vive actualmente o consultorio de Parga, co detrimento que isto supón na atención sanitaria, o Concello de Guitiriz quere expresar o seu completo respaldo ás peticións dos veciños e reclamar á Xunta de Galicia, á Consellería de Sanidade e ó Sergas a restauración do normal funcionamento do centro.

Durante a crise sanitaria xerada polo coronavirus, o concello de Guitiriz actuou guiado por dous únicos principios: a defensa da saúde dos nosos veciños e a lealdade institucional, cooperando dun xeito pleno co resto das administracións do Estado.

Por iso aceptamos a proposta formulada polo Sergas de trasladar

Concello de Guitiriz





## Concello de Guitiriz

temporalmente ó persoal que presta servizos no consultorio de Parga - dous médicos, un ATS e un PSX - ó centro de Saúde de Guitiriz. Entendíamos que nese momento, a concentración do persoal sanitario podía contribuír a mellorar a xestión das medidas necesarias durante a pandemia.

Por iso lamentamos que, despois desta aposta pola colaboración, e unha vez retomada a normalidade, o Sergas manteña pechado o consultorio de Parga. O centro funciona só cun horario reducido, dous días á semana, para extracción de sangue. Esta situación supón o incumprimento do compromiso adquirido polo Sergas durante a crise do Covid, cando se falou só dun traslado temporal do persoal. É está xerando unha clara incomodidade para os case 1.700 usuarios do Consultorio nun Concello cunha gran extensión territorial (294 km<sup>2</sup>) e unha poboación moi dispersa e avellentada, que ven como o seu sacrificio e colaboración na xestión da pandemia é respondido pola Xunta cunha mingua na calidade da atención médica que reciben e o desmantelamento do seu consultorio de referencia.

As autoridades do Sergas alegan agora como motivo para manter o peche inxustificado do consultorio de Parga supostas deficiencias no edificio. O concello de Guitiriz, tense comprometido a facer as reparacións de mantemento oportunas, reparacións que, por certo, son moito menores do que alega o Sergas. E cumpre recordar que o concello asume xa o custo de todos os gastos do Consultorio (electricidade, auga, calefacción, xardinería, limpeza interior e exterior), agás do persoal sanitario e administrativo.

O concello de Guitiriz quere mostrar polo tanto o seu rexeitamento a un comportamento que aproveita as medidas excepcionais que foron necesarias para loitar contra o Covid - e que todos respaldamos - para xustificar un novo episodio de recortes na sanidade do rural.

Queremos que todos os nosos veciños teñan acceso a unha sanidade pública, gratuíta e de calidade. Queremos unha sanidade que teña en conta o carácter rural do noso municipio e que garanta a percepción dos servizos con independencia do lugar de residencia. Se queremos frear a despoboación, apostar polo futuro do rural e contribuír ó seu desenvolvemento social e económico, os servizos públicos de calidade son un eixo fundamental.

Por iso, o concello de Guitiriz realiza esta declaración institucional para reclamar á Xunta a reapertura inmediata do consultorio de Parga e a restitución de todos os servizos sanitarios que se viñan prestando nel, así

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3JFN9AWZAF5ZR4QZFE4HJXM3 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 4



## Concello de Guitiriz

como a garantía de que estes servizos, e a actual dotación de plantilla, se manterán no futuro.



### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

### C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Guitiriz

Rua do Concello nº4, Guitiriz. 27300 (Lugo). Tfno. 982370109. Fax: 982372178



Cod. Validación: 3JFN9AWZA2FSZR4QZFE4HJXM3 | Corrección: <https://guitiriz.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4